Para o resto de cursos as reunións iniciais coas familias fixéronse co/a titor/a para presentarse, dar a coñecer a información e a forma de desenvolver as titorías.

Realizáronse as reunións de avaliación inicial na primeira semana do mes de outubro tanto para secundaria como para ciclos, de forma que os equipos docentes puideran intercambiar información e organizar as medidas necesarias para un mellor aproveitamento do proceso educativo e poder adaptar os contidos mínimos que quedaron pendentes do último trimestre.

En relación ás titorías e atención ás familias, todo o profesorado conta cunha hora semanal de atención no seu horario. As familias poden solicitar hora para recibir información do proceso educativo dos seus fillos/as, presencialmente ou vía telefónica.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



Levaranse a cabo todas as reunións que sexan precisas cos equipos docentes, previa comunicación.

O alumnado terá dereito a ter un lugar para poder reunirse sempre que o solicite.

A utilización das instalacións do centro por entidades ou asociacións alleas ao mesmo, requirirá da presentación da solicitude ante a dirección do centro, que solicitará ao consello escolar o informe de valoración para a súa tramitación ante a xefatura territorial previo informe da inspección educativa.

Para o uso ocasional ou temporal, con carácter excepcional, a dirección poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non interfira no normal desenvolvemento das actividades en horario lectivo.

## III. CAPITULO II: DOCUMENTO ORGANIZATIVO DE CENTRO.

*(Ver Documento adxunto).*

## IV. CAPÍTULO III: PROXECTOS, PLANS, SERVIZOS E OUTROS.

### PROXECTO EDIXGAL.

EDIXGAL

Tras solicitar o **Proxecto E-Dixgal** e sernos concedido xa hai uns cursos, continuamos co mesmo nos grupos de 1º e 2º da ESO, e empezamos o curso 2021-2022 coa súa implantación en 3º e 4º ESO, dándolle continuidade neste curso 2023-2024.

Facer realidade este Proxecto supuxo e supón un gran esforzo tanto por parte do profesorado e alumnado como por parte das familias, xa que esta iniciativa ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) no desenvolvemento da actividade educativa, poñendo a disposición dos centros un entorno virtual de aprendizaxe. Dende o centro se considera, dende hai algún tempo, que é imprescindible incorporarnos a esta iniciativa, na medida en que favorecemos que TODO o noso alumnado poida traballar dende a casa co seu ordenador.

**CONTRATOS – PROGRAMA.**

A iniciativa de Contratos-Programa Innova (CPInnova) trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se permita, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, afondar no logro da excelencia educativa incentivar o talento do seu alumnado, promover hábitos de vida saudables, impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible e mellorar a xestión dos centros.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



A iniciativa de Contratos-programa Inclúe (CPInclúe) 2023/24 constitúe un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero), poidan desenvolver un plan de mellora no que poidan, en función das necesidades detectadas e do seu proxecto educativo, acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

Dende o noso centro estamos a traballar na **modalidade Inclúe-T**, conxunto de medidas que fomenten e melloren a inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades, ao respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, á identificación e promoción dos talentos do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



**PFPP.**

Dentro do **PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado),** continuamos a traballar nas liñas existentes e solicitadas o curso pasado por un periodo de dous anos. Así, continuaremos coa liña de formación para o proxecto **E-Dixgal** e a liña da **Bibliotecas Escolares, a liña do Plan de Mellora do Centro,** ,Competencia en educación inclusiva e coeducación co plan **TEA , ese grande descoñecido,** ademais da liña de **Internacionalización do Centro** , a Competencia en educación inclusiva e coeducación **co plan Convivindo en Igualdade, o Plan de Igualdade do centro e o Plan Dixital, que se desenvolve a través dun grupo de traballo.**

Neles participa numeroso profesorado, tanto en cursos de formación como en grupos de traballo.

**PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN DO CENTRO.**

*(Ver documento anexo).*

A presente estratexia de internacionalización está deseñada para que tanto alumnado como profesorado incrementen as súas competencias académicas e profesionais, ademais das interculturais e interpersoais.

En relación aos proxectos de **internacionalización do centro,** destacaríamos o seguinte:

a) **Ámbito da FP Básica - Descubrindo nosa Formación Profesional**: Estamos a traballar nun proxecto **E-Twinning** no que os alumnos poden presentar os seus postos de traballo e o sistema educativo profesional dos seus países e así coñecer outras formas de formación profesional en distintos países europeos. Neste proxecto os alumnos colaboran en grupos multinacionais e deciden de que forma queren participar no proxecto. O produto final é unha colaxe de vídeos ou unha revista no/a cal os alumnos promocionan a formación profesional europea, os seus traballos e o instituto. Países participantes: Turquía, Alemaña, Francia e España.

b) **2020-1-ES01-KA102-080310 - Mobilidade de alumnado de Formación Profesional para a realización de prácticas formativas en empresa**. Proxecto que se prorrogou por causas vinculadas á pandemia Covid19 e que actualmente está en período de posta en marcha para as 5 mobilidades concedidas a alumnado de 2º curso de

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



CM de Instalacións Eléctricas e Automáticas, e Mantemento Electromecánico.

c) **2020-1-ES01-KA120-VET-096217 - Acreditación Erasmus + para a Formación Profesional 2021-2027.** Somos centro acreditado para a FP dende o curso 2020 - 2021 e solicitamos unha nova mobilidade educativa para alumnado de FP, estando na listaxe provisional de solicitudes seleccionadas e rexeitadas da Acción Crave 1 – Mobilidade educativa das persoas ( KA121, KA122, KA131) e Acreditación Erasmus para consorcios de mobilidade de Educación Superior ( KA130), correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ Proxectos acreditados de mobilidade de alumnado e persoal de Educación Escolar ( KA121-SCH).



*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



d) **2021-1-ES01-KA121-VET-000008420 - Mobilidade de alumnado de Formación Profesional para a realización de prácticas formativas en empresa**. Proxecto que se prorrogou por causas vinculadas á pandemia Covid19 e que actualmente está en período de posta en marcha para as 8 mobilidades concedidas a alumnado de 2º curso de CM de Instalacións Eléctricas e Automáticas, e Mantemento Electromecánico.

e) 2020-KA102 2020-2023 **- Consorcio de Mobilidades da Consellería de Educación. Mobilidade de alumnado de Formación Profesional para a realización de prácticas formativas en empresa**. Programas internacionais - alumnado de 2º curso de CM de Instalacións Eléctricas e Automáticas, e Mantemento Electromecánico.

f) Solicitude da **Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE),** requisito previo para as institucións de educación superior establecidas nun estado membro da Unión Europea ou nun terceiro país asociado ao Programa que desexen participar no Programa Erasmus + 2021-2027.

g) Participación nun **proxecto Erasmus + con Turquía, Rumanía e Francia (socio coordinador: Turquía).** *En trámite de solicitude.*

h) Participación, a través do **CFR de Ferrol**, en posibles **mobilidades escolares para profesorado** (proxectos de innovación no marco educativo, novas prácticas pedagóxicas...etc).

**PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



**Plan de Actividades Extraescolares e Complementarias**

**Curso 2023 -2024**

## INTRODUCCIÓN

Este documento presenta o plan de actividades extraescolares e complementarias para o curso 2023 - 2024, co fin de presentalo para a súa aprobación no Consello Escolar.

As actividades extraescolares e complementarias do IES Punta Candieira de Cedeira pretenden ofertar ao noso alumnado un complemento educativo en campos tales como a convivencia, a igualdade, o traballo en equipo, as habilidades sociais, o ocio saudable, a inmersión lingüística, a multiculturalidade, etc.

Moitas delas están creadas para amosar ao alumnado como é o espazo social no que viven, a cultura e outros tantos elementos que os rodean, dende o ámbito loca, comarcal, provincial, autonómico, estatal internacional.

Ó mesmo tempo, desexamos que moitas destas actividades sexan abertas ó resto da comunidade, de xeito que se vertebren ligazóns sociais, educativas, empresariais, etc.

Posto que a finalidade da educación está en acadar o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, en proporcionar ás novas xeracións unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre o coñecemento e a valoración ética, o noso papel como educadores non se limita ao de simples transmisores de coñecemento, senón en axudar ás familias a formar aos mozos e mozas íntegramente, fomentando valores básicos e potenciando determinadas actitudes

que permitan o seu futuro desenvolvemento como cidadáns plenos que participen activamente na sociedade.

A partir destas premisas, consideramos que as actividades extraescolares e complementarias conforman un espazo idóneo, e mesmo imprescindible en todo centro educativo, para acadar este obxectivo básico. Todas elas, xunto cos desenvolvementos curriculares dos distintos departamentos didácticos, determinarán poderosamente o tipo de educación que ofrecemos ó noso alumnado.

Durante o presente curso académico, as Actividades Extraescolares e Complementarias serán coordinadas dende a Vicedirección do centro, por Dulce Rodríguez Anido, traballando cos diferentes equipos docentes (Biblioteca Escolar, Normalización Lingüística, Igualdade), profesorado dos distintos Departamentos e a Anpa.

## OBXECTIVOS

- Complementar as actividades didácticas e acadar os obxectivos didácticos mediante a realización de actividades fóra do centro educativo ou coa participación de persoas e institucións do contorno do noso centro.
- Controlar a realización das mesmas para garantir a seguridade dos participantes e a racionalización das mesmas.
- Poñer en valor as accións realizadas polos docentes, alumnado, e organismos, institucións ou persoas do noso contorno.
- Racionalizar este tipo de actividades para minimizar o impacto nas materias e departamentos non relacionadas con elas.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



- Fomentar o interese do alumnado por todo o que constitúe o noso mundo, de xeito que non se perciba o ámbito escolar como algo alleo e distante da propia vida.
- Impulsar a preocupación do alumnado polo seu entorno, tanto no que se refire á conservación e mellora do medio ambiente, como respecto ó aprecio polo patrimonio cultural común.
- Favorecer a convivencia entre os propios alumnos, entre estes e os profesores, así como con outras persoas e entidades.
- Interesar ó alumnado no seu propio proceso educativo, ampliando ó mesmo tempo a súa formación.

## TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES

**Actividades complementarias:** Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Para garantir a participación deberán observarse as seguintes regras:

- Unha actividade complementaria, cando se desenvolva fóra do recinto escolar e non conte coa participación maioritaria da clase correspondente (85%), deberá ser suspendida para dito grupo-clase. As persoas que non participen deberán contar coa debida atención educativa, ben por conta do profesorado que tivera clase co grupo correspondente, ben polo profesorado de garda neses períodos.

- Unha actividade complementaria, cando se desenvolva dentro do recinto escolar, resultará obrigatoria e polo tanto só poderá xustificarse a non participación por motivos razoables.
- Para garantir a participación do alumnado, deberá prevalecer a gratuidade de dita actividade, salvo causas xustificadas polos organizadores da mesma.

**Actividades extraescolares**: Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc, se realizan fóra de horario lectivo.

A participación do alumnado nas actividades extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra do centro.

Cando unha actividade se desenvolva parcialmente en horario lectivo e en horario non lectivo, prevalecerá o carácter complementario da mesma.

**Viaxes de estudos:** Consideraranse como tales aquelas actividades nas que o alumnado participante pernocta fóra do domicilio alomenos unha noite.

Son voluntarias, e salvo causas xustificadas, son financiadas polos propios participantes.

## NORMAS XERAIS

**Sobre a organización de viaxes:** En calquera caso, e sempre que se realice unha actividade fóra do recinto escolar, deberán observarse as seguintes regras:

- O profesor ou profesora correspondente deberá contar cunha autorización escrita por parte dos pais ou titores dos alumnos/as menores de idade, ou ben do propio alumno/a tratándose de alumno maior de idade, ainda que é aconsellable sempre a firma autorizante dos pais, nais e/ou titores. Dita autorización deberán entregarlla aos profesores/as responsables, que a entregarán en Vicedirección para a súa custodia. No suposto de autorización e se a actividade supón un desembolso económico para o alumno/a, éste deberá efectuar neste acto a correspondente aportación, salvo que se fraccione o pagamento da mesma.
- A saída poderá realizarse sempre que se garanta unha ratio máxima de 20 alumnos/as por profesor/a, se non houbera profesores que se fixeran cargo ata dita ratio, a actividade será suspendida. Sempre será posible a contratación de monitores/as para o acompañamento do alumnado durante o desenvolvemento da actividade, pero procurarase, na medida do posible, a presencia na mesma de profesorado do centro.
- Sempre que a actividade supoña un desembolso económico por parte do alumnado deberá contarse co visto bo da Dirección.
- O alumnado que ó longo do curso teña dúas faltas de conduta contrarias ás normas de convivencia, non poderá participar en excursións dun día; os/as que teñan unha falta gravemente perxudicial, non poderán participar nas viaxes de fin de curso.

**Para o alumnado participante:** Unha actividade extraescolar ou complementaria está preparada para o enriquecemento cultural e contribuír na súa formación . Non é un tempo de lecer , polo tanto o alumnado está obrigado a sacarlle o máximo rendemento.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



O alumnado que desexe participar nas actividades extraescolares e complementarias que o IES Punta Candieira patrocina, deberá cumprir as seguintes normas:

- Queda terminantemente prohibido levar ás excursións ou saídas programadas fóra do IES, bebidas alcohólicas ou substancias prohibidas. Esta norma aplicarase de igual maneira durante o tempo que dure dita actividade. Lembra que o consumo de tabaco, para os menores de idade, tampouco está permitido.
- No suposto que o profesorado responsable localice ou interveña algunha substancia prohibida, deberá enviar de regreso ao alumnado implicado á súa casa polos medios de transporte que considere máis axeitados e/ou dispoñibles nese momento. Os custos da viaxe de regreso correrán a cargo dos seus pais ou titores legais.
- Deberá gardar o debido respecto, educación no teu trato e obediencia, tanto aos membros da comunidade educativa como a outras persoas alleas á mesma. Coidará o seu vocabulario e as normas de cortesía.
- Para o bo desenvolvemento da actividade, deberá ser puntual e atender sempre as indicacións do profesorado acompañante.
- Deberá levar o material e indumentaria que, con anterioridade, se lle indique para poder participar na actividade. No caso contrario, podes negárselle a participación na actividade.
- Cando a viaxe sexa en autobús ou calquera outro medio de transporte, deberá deixalo tal e como o atopou: libre de lixo, pintadas, garabatos, "autógrafos" non solicitados…
- Se se pasa a noite nun hotel ou similar, coidará o mobiliario da súa habitación como se estivese na súa casa. Os danos correrán pola súa conta ou pola dos seus pais.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



- Se se pasa a noite nun hotel ou similar e, aínda que teña o consentimento do profesorado para ir a outra habitación, deberá facelo silenciosamente, sen alterar o descanso dos clientes do establecemento. O mesmo ocorre cando se lles permita estar varios alumnos/as nunha habitación: manterán un ton de voz axeitado respectando os demais .
- Nos desprazamentos que se fan a pé, deberase seguir en todo o momento as normas viarias establecidas na Lexislación vixente para os peóns.
- Deberase sacar o mellor proveito da actividade proposta: escoitar, deixar escoitar e seguir as explicacións que o docente ou persoa colaboradora estean a comunicarte.
- No suposto que a actividade prevista permita un certo tempo libre (visitar unha exposición , o tempo de xantar…) farase o posible por non quedar só en ningún momento, comunicar aos adultos acompañantes aproximadamente o teu itinerario e, dende logo, cumprir escrupulosamente co horario que se acorde.
- Posto que somos un grupo, débese axudar aos profesores e compañeiros en todo o posible: que ninguén quede só ou atrasado, que o transporte non saía se comprobas que falta alguén, se se observa algún comportamento anómalo por parte dalgunha persoa allea ao grupo hai que notificalo.
- Non se debe permitir que ningún compañeiro/a quede marxinado ou fagan mofa desa persoa.
- Nin que dicir ten, que nin por facer unha broma, aposta ou similar, se poderá furtar ningún obxecto nos lugares visitados ou algunha cousa que sexa dun compañeiro/a.
- Cando sexa preciso aboar unha cota para o desenvolvemento da actividade, debe facerse nos prazos establecidos polo equipo de actividades. Tamén, cumprir cos prazos fixados cando se trate de vendas programadas para sufragar a actividade.

- Aínda que un alumno sexa maior de idade, deberá cumprir con esta normativa, posto que non é unha actividade particular ou libre, senón de participación cun grupo ligado a unha comunidade educativa.
- Se se produce algún contratempo por moi pequeno que sexa ou problema de calquera índole, acode ao profesorado acompañante e coméntalle o caso sen medo a que se prexudique a túa imaxe.

O incumprimento total ou parcial destas normas, levará asociado a correspondente sanción disciplinaria como se reflicte nas NOFC do IES, mesmo a posible apertura dun expediente disciplinario se se tratase dunha falta gravemente prexudicial.

## FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES

**Consello Escolar:**

- Aprobar o PACE.
- Autorizar as actividades novas non incluídas dentro do Plan aprobado inicialmente cando supoñan saídas fóra do Concello de Cedeira.

**Director:**

Autorizar as actividades novas non incluídas no Plan aprobado inicialmente polo Consello Escolar cando non supoñan saídas fóra do Concello de Cedeira, sempre e cando outorguen o visto bo do profesorado afectado e a Xefatura do Departamento solicitante de dita actividade.

**Vicedirectora:**

- Efectuar a recollida de proposta de actividades.
- Elaborar o PAE que se presentará para aprobación do Consello Escolar.
- Coordinar a realización de todas as actividades no que respecta a relación con organismos, institucións ou persoas alleas ao Centro.
- Contratar o servizo de transporte cando sexa necesario.
- Pasar aviso das actividades a Xefatura de Estudos cando haxa alumnos que non realicen a actividade a fin de que poida organizarse a súa atención educativa.
- Rexistrar todas as actividades complementarias, extraescolares e viaxes de estudos realizadas.
- Rexistrar os documentos de avaliación das actividades desenvolvidas realizados polos profesores responsables.

**Xefatura de Estudos:**

Organizar a atención educativa dos alumnos ou alumnas que non asistan a unha actividade complementaria ou extraescolar.

**Xefes/a des Departamentos:**

- Velar porque se inclúan nas programacións dos Departamentos as correspondentes actividades complementarias e extraescolares.

- Cumplimentar a Folla de Recollida de actividades que entregará na Vicedirección.

- Dar visto bó a realización de actividades non planificadas inicialmente antes da autorización final da Dirección.

- Coordinar a súa labor coa Vicedirección nas actividades complementarias e extraescolares.

**Docentes responsables das actividades:**

- Colaborar co Xefe do Departamento na cumprimentación da Folla de Recollida de Datos.
- Recoller as autorizacións dos pais, nais ou titores/as legais cando os participantes sexan menores de idade; ou ben dos propios participantes no suposto de maiores de idade.
- Poñer en coñecemento da Vicedirección a relación de alumnos participantes na actividade.
- Vixiar e controlar o desenvolvemento da actividade, podendo adoptar as medidas que garanten o mellor desenvolvemento das mesmas.

## PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

1. **Excursións:**

Todos os anos, se programan unha serie de viaxes, unhas con motivo da finalización dun ciclo académico, outras orientadas a tomar contacto coas linguas estranxeiras que se estudan ou complementan o currículo.

Actualmente xa están en marcha dúas propostas de viaxes:

*a)* **Alumnado de 2º ESO:** *Xa están solicitados varios orzamentos a distintas axencias de viaxes, con dúas posibles opcións, unha de ámbito urbano, e outra de actividades en contacto coa natureza. As familias xa están informadas a través de Abalar e dunha circular en formato papel, e celebrouse unha primeira reunión co alumnado interesado. Unha vez recibamos os orzamentos, farase unha reunión informativa e poñerémonos a traballar na organización da viaxe.*

*b)* **Alumnado de 1º Bac (Relixión) – Excursión a Roma.** *Xa están solicitados varios orzamentos a distintas axencias de viaxes. As familias serán informadas a través de Abalar e dunha circular en formato papel, unha vez recibamos os orzamentos, e tamén farase unha reunión informativa presencial e poñerémonos a traballar na organización da viaxe, sempre en coordinación coa docente de Relixión.*

*c)* ***Alumnado de 4º ESO:*** Xa están solicitados varios orzamentos a distintas axencias de viaxes. As familias serán informadas a través de Abalar e dunha circular en formato papel, unha vez recibamos os orzamentos, e tamén farase unha reunión informativa presencial e poñerémonos a traballar na organización da viaxe

Para ir adiantando o traballo, e que o custo para o alumnado sexa o menor posible, xa estamos a preparar unhas rifas para sortear cestas de Nadal, lotería de Nadal, e outras iniciativas, e poremos todo a dispor do alumnado o máis axiña posible.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



2. **Actividades culturais**: Realizaremos todas as actividades relacionadas co teatro ou outras disciplinas artísticas.

3. **Charlas e encontros no propio Centro**: Como é costume, todos os anos impártense charlas de moi diversa índole por persoas e profesionais diversos, a proposta do Equipo Directivo, o Departamento de Orientación, os diferentes Departamentos do centro, e a colaboración da Anpa, o Concello de Cedeira e o Centro de Ocio Xuvenil.

4. **Celebracións:** De acordo co calendario escolar para o curso 2023 – 2024, realizaremos as seguintes celebracións:
    - 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
    - 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
    - Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
    - 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
    - 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
    - 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
    - 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
    - 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
    - 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
    - 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
    - Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
    - 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.

- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Cando algunha das datas a que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións establecidos, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior, segundo estableza a Dirección do centro.

### 5. Outras actividades:

Este ano traballaremos para desenvolver outras actividades xerais do centro:

- O Samaín (27 de outubro).
- O Magosto (10 de novembro).
- A Chocolatada de Nadal (21 de decembro).
- O Entroido (9 de febreiro).
- Andaina de final de curso (data por determinar).
- Outras propostas.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



## ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTOS

*(Ver Programacións dos respectivos departamentos).*

**SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.**

Como servizos complementarios, o centro só utiliza o **transporte escolar**.

Este curso existen seis rutas para o transporte escolar pertencentes as Consellerías de Cultura, Educación e Universidade (3 rutas) e Consellería de Infraestructuras e Mobilidade (3 rutas), cinco de autobús e unha de taxi que dobra traxecto, a utilizar polos alumnos de Cedeira e dos concellos de Moeche e Cerdido.

RUTAS EDUCACIÓN:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

| CONTRATO | PARADAS | CONTRATO | PARADAS | CONTRATO | PARADAS |
|---|---|---|---|---|---|
| ED151107 | PEREIROS.<br>AS TRAVESAS.<br>BARQUEIRA VELLA.<br>COLEXIO BARQUEIRA.<br>FELGOSAS *(CRUCE).*<br>LAVANDEIRA. | ED151108 | CAMPO HOSPITAL.<br>FIGUEIRAS.<br>ARON (EMPALME).<br>ARON (PONTE).<br>SAN ROMÁN.<br>A PASADA.<br>VILA DO RÍO.<br>SISALDE. | ED151109 | SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO.<br>LUGAR DE COVO.<br>LUGAR DE LAMELAS.<br>CRUCE ESPASANTE. |

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | VILA DA IGREXA.<br>PONTELLAS *(CRUCE)*.<br>PORTO DO CABO.<br>CAMPELO. | | LAXE.<br>CAMPO DA CRUZ.<br>CORDOBELAS. | | |

RUTAS MOBILIDADE:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

| CONTRATO | PARADAS | CONTRATO | PARADAS | CONTRATO | PARADAS |
|---|---|---|---|---|---|
| XG651 | VIEITEIRAS.<br>CRUCE VILARNOVO.<br>VICIÑEIRA.<br>FRAGOSO.<br>CASAL DE MARÍA.<br>VICIÑEIRA (CR. CAPELADA)<br>VIRIZO.<br>MOSENDE. | XG651 | CAMPEIRA.<br>A CHAÍÑA.<br>PENSO.<br>CHAO.<br>VILA DA IGREXA DE ARRIBA.<br>CASALDAIA. | XG651 | VILAR.<br>NEBRIL.<br>VILAS.<br>MALDE.<br>BARRAL.<br>BARROSAS.<br>A BOUZA.<br>PARDIÑEIRA.<br>PONTIGAS – CR. S. ANDRÉS. |

Existen un total de 84 usuarios de transporte para este curso.

As modificacións existentes nos itinerarios deben ser solicitados á Xefatura Territorial a través do Centro, mediante unha reunión coa vicedirectora.

*I.E.S. PUNTA CANDIEIRA*
Rúa do Ensino s/n 15350 Cedeira (A CORUÑA)
TEL.: 881930076– FAX: 881930087
E-mail:



Este curso non se xestionaron paradas novas, e contamos con alumnado “excepcional” de bacharelato e ciclos formativos, que teñen o transporte de xeito gratuito, debido a que existen prazas disponibles (Educación) ou que teñen que empregar a Tarxeta Xente Nova (Mobilidade).

**ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS.**

Dispoñemos dunha asociación de pais e nais de alumnos: ANPA “O BECO” que amosa sempre unha boa disposición de colaboración co centro.

O número actual de socios acada un total de 138 familias.

Manteñen aberta unha oficina no IES que atenden os mércores en horario de 16:30 a 18:30 horas. Este curso van desenvolver actuacións de información, orientación e asesoramento e o programa de préstamo de libros de lectura obrigatoria no IES, e actividades en datas especiais.

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos.

**AVALIACIÓN.**

Para a avaliación desta PXA terase en conta a consecución ou non dos obxectivos establecidos, e os procesos de avaliación que os equipos de cada plan especifican no seu proxecto.Desenvolveranse procesos de avaliación interna para cotrastar o grao de consecución dos obxetivos desta PXA.